

Quen somos?

A Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel é unha entidade sen ánimo de lucro, que quere servir como punto de unión de tódalas forzas que traballan polo desenvolvemento rural da súa zona de actuación.

Nacida en setembro de 2008 con 58 entidades socias, son xa máis de 80, entre asociacións, cooperativas, comunidades de montes veciñais en man común, sindicatos, concellos, etc., as que conforman a actual Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel.

Dende xaneiro de 2009 está recoñecida como o **Grupo de Desenvolvemento Rural número 5** para a xestión do programa Leader de Galicia 2007-2013. Isto significa que é unha entidade colaboradora de Agader na dinamización, xestión e tramitación das axudas do programa Leader 2007-2013, para o territorio de actuación número 5.

Este territorio é o comprendido polos concellos de Baralla, Becerreá, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Que facemos?

A estratexia de desenvolvemento rural para o territorio, que se presentou ante Agader para o recoñecemento como Grupo de Desenvolvemento Rural, guía as actuacións desta Asociación.

Esta estratexia marca como obxectivos a dinamización das actividades económicas xa existentes, así como da xeración de outras novas, e a creación de condicións de vida que faciliten vivir no territorio, pero todo elo, fundamentalmente cumprindo co obxectivo transversal que rexe todas as actuacións, e que é **Fomentar o protagonismo e participación das comunidades.**

GDR 5

Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel

Rúa Bolaño Mendo s/n.
Edificio S. Xoán, 4º
/27640/ - Becerreá
Tlf: 982 360 824 // 606 035 964
E-mail: gdr5ancarescourel@gmail.com
Máis info: <http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>



PROGRAMA LEADER
GALICIA 2007-2013



AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FEADER:
Europa inviste
no rural

asociación de desenvolvemento rural ancares-courel



CONVOCATORIA DE
AXUDAS
PROGRAMA LEADER
GALICIA 2007-2013 DE
DESENVOLVEMENTO
RURAL
Ancares-Courel

Qué é o LEADER?



O LEADER é o conxunto de medidas do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013 que se executa baixo metodoloxía LEADER: Ligazóns Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural.

Esta metodoloxía vén sendo impulsada pola Unión Europea dende 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural, de xeito que **o territorio rural deixe de ser un simple destinatario destas políticas para converterse en protagonista do seu propio desenvolvemento.**

As subvencións PROGRAMA LEADER 2007-2013

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN (Consultar formularios no blog):

- 1º: **Solicitud de Axuda** (no sede do GDR 5).
- 2º: Acta de Non Inicio.
- 3º: **Informe de Control de Elixibilidade**, por parte da equipa técnica do GDR.
- 4º: **Verificación do ICE** por parte de AGADER.
- 5º **Selección e proposta de resolución**, por parte da Xunta Directiva do GDR.
- 6º: **Resolución da Concesión ou Denegación**, por parte de Agader.
- 7º: **Xustificación dos investimentos** (18 meses como máximo), que se fará ante o GDR.
- 8º: **Comprobación do gasto do Investimento; Certificación**, por parte do GDR.
- 9º: **Pago da Axuda**. AGADER realizará o pago a través de transferencia bancaria.

BENEFICIARIOS

Calquera persoa física ou xurídica, así como comunidades de montes veciñais en man común, e entidades públicas, que promovan un proxecto no ámbito do GDR-05 pode solicitar subvención,

Que cumpran os requisitos específicos segundo o tipo de proxecto (consultar na oficina técnica ou no blog da Asociación).

Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER.

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

A: Actividades produtivas:

- ✓ **Nova creación** dunha empresa (creación mínimo de 0,25 empregos).
- ✓ **Ampliación** dunha actividade existente.
- ✓ **Modernización**: Diversificación da produción en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso de produción, nunha empresa preexistente.

B: Actividades non produtivas:

- ✓ **Proxectos nas explotacións agrarias ou espazos fofrestais.**
- ✓ **Proxectos de fomento do turismo, servizos á economía, servizos á poboación, conservación do patrimonio, etc etc.**

As persoas interesadas en emprender un proxecto, poden achegarse á oficina para orientarse sobre as posibilidades de subvención ao abeiro do programa LEADER.

Alí tamén se poderán obter os formularios para a solicitude, así como outra información útil para o desenvolvemento dos proxectos.

LÍMITES DE AXUDA MÁXIMA

Proxectos Productivos	Proxectos Non Productivos
ata un 45 %	ata un 100 %

ACUMULACIÓN DOUTRAS AXUDAS

As axudas cofinanciadas con fondos FEADER resultan incompatibles con outras axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea.

ACTIVIDADES E INVERSIÓNS SUBVENCIONABLES

- ✓ **Construción, adquisición ou mellora de inmobles. Adquisición de terreos ata o 10 % do orzamento total do proxecto.**
- ✓ **Maquinaria, mobiliario e equipamento informático.**
- ✓ **Equipamento e material non funxible.**
- ✓ **Custes xerais: estudos técnicos, elaboración de proxectos, dirección de obra,...**
- ✓ **Vehículos de transporte industrial e comercial no inicio dunha actividade, e elementos de transporte interno.**

DATA E LUGAR DE SOLICITUDE:

As axudas poderán solicitarse ata o 01 de setembro do 2013, no local do GDR-05.

As solicitudes entregaranse cubertas nos modelos oficiais dispoñibles no blog da Asociación:

<http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>

A equipa técnica poderá asesorar en calquera fase do proxecto.